

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Orde do 24 de febreiro de 2010 pola que se regula a aplicación, na Comunidade Autónoma de Galicia, do Regulamento de instalacións térmicas nos edificios aprobado polo Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo.

O Regulamento de instalacións térmicas nos edificios (en diante RITE) aprobado polo Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo, ten por obxecto establecer as exixencias de eficiencia enerxética e seguridade que deben cumprir as instalacións térmicas nos edificios destinados a atender a demanda de benestar e hixiene das persoas, durante o seu deseño e dimensionamento, execución, mantemento e uso, así como determinar os procedementos que permitan acreditar o seu cumprimento.

A entrada en vigor deste novo regulamento fai necesario establecer os modelos dos documentos técnicos necesarios para a inscrición das instalacións, así como regular as inspeccións periódicas de eficiencia enerxética na comunidade autónoma.

O artigo 12.5º da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, dispón que os regulamentos de seguridade de ámbito estatal serán aprobados polo Goberno da nación, sen prexuízo de que as comunidades autónomas con competencia lexislativa sobre industria poidan introducir requisitos adicionais sobre as mesmas materias cando se trate de instalacións radicadas no seu territorio.

O artigo 30.I.2 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado mediante a Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, atribúelle á comunidade autónoma competencias exclusivas en materia de industria, de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado, nos termos do disposto nos artigos 38, 131 e 149.1º, 11 e 13 da Constitución.

Como consecuencia disto, e por proposta do director xeral de Industria, Enerxía e Minas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

O obxecto desta orde é desenvolver, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, o establecido polo RITE, aprobado polo Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo, no relativo ao deseño, inscrición, mantemento e inspeccións das instalacións afectadas polo RITE.

Artigo 2º.-*Ámbito de aplicación.*

Esta orde é de aplicación ás instalacións térmicas fixas de climatización e de produción de auga quente sanitaria destinadas a atender as demandas de benestar e hixiene das persoas en edificios de nova construción ou nas reformas das mesmas instalacións en edificios existentes.

Tamén será de aplicación ás instalacións térmicas existentes destinadas a atender as demandas de

benestar e hixiene das persoas en canto ao seu mantemento, uso e inspección.

Artigo 3º.-*Inscrición das instalacións térmicas.*

Observarase o disposto no capítulo III do regulamento e cumprirá, ademais, as seguintes normas xerais:

Para a posta en funcionamento das instalacións incluídas no ámbito de aplicación do regulamento é necesaria a inscrición da instalación no Rexistro de Instalacións Térmicas do departamento territorial da consellería competente en materia de industria, para o cal a empresa instaladora dirixirá a este a seguinte documentación, dependendo da potencia térmica da instalación:

* Instalacións de potencia térmica entre 5 e 70 kW:

-Solicitud de inscrición, segundo o anexo I desta orde.

-Certificado da instalación asinado polo instalador autorizado, selado pola empresa autorizada e acompañado das follas de resultados das probas realizadas segundo o artigo 22 do regulamento, segundo o anexo II desta orde.

-En caso de que a instalación estea composta dun conxunto de instalacións térmicas, tantos certificados de instalacións individuais como xeradores térmicos existan, segundo o anexo V desta orde.

-Memoria técnica, segundo o anexo III desta orde.

-Plano de situación.

-Plano de planta con indicación da situación dos emisores e trazado das conducións.

-Esquema de principio da instalación.

-Anexos de cálculo.

-Xustificante de pagamento de taxas. Clave: 32.17.00.

* Instalacións de potencia térmica superior a 70 kW:

-Solicitud de inscrición, segundo o anexo I desta orde.

-Proxecto da instalación.

-Certificado da instalación asinado polo instalador autorizado e o director da instalación, visado polo colexio oficial correspondente e acompañado das follas de resultados das probas realizadas conforme o artigo 22 do regulamento, segundo o anexo II desta orde.

-En caso de que a instalación estea composta dun conxunto de instalacións térmicas, tantos certificados de instalacións individuais como xeradores térmicos existan, segundo o anexo V desta orde.

-Certificado de inspección inicial coa cualificación de aceptable, cando sexa preceptivo.

-Certificado da cheminea.

-Contrato de mantemento con empresa mantedora autorizada.

-Xustificante de pagamento de taxas. Clave: 32.17.00.

Non serán obxecto de inscrición as instalacións de xeradores de calor de fogar aberto agás no caso de que estean conectadas a redes de tubaxes e/ou a conduto, e deberán cumprir o punto 6 da IT.1.3.4.1.1 do regulamento.

No caso das instalacións de ventilación sen tratamento térmico, procederá a tramitación administrativa sempre que a súa potencia eléctrica nominal sexa superior 5 kW.

Artigo 4º.-*Reforma de instalacións.*

Sen prexuízo do establecido no punto 3º do artigo 2 do RITE, no relativo ás reformas das instalacións fanse as seguintes precisións:

-O cambio dunha caldeira por outra do mesmo tipo, mesmo combustible e mesma potencia non se considera reforma. O instalador ou o mantedor autorizado da nova caldeira comunicará o dito cambio ao departamento territorial da consellería competente en materia de industria, indicando o número de expediente da instalación existente.

-Só será necesario adaptar ao novo RITE a parte reformada da instalación; a parte da instalación sen reformar quedará afectada pola normativa que lle foi de aplicación no seu día.

Sen prexuízo do indicado nos parágrafos precedentes, o departamento territorial da consellería competente en materia de industria poderá exixir a adaptación dunha instalación existente ás prescricións establecidas no novo RITE cando o seu estado, situación ou características impliquen un risco grave para as persoas, os bens ou o ambiente, ou por razóns dun rendemento enerxético e/ou dunhas prestacións inferiores ás de deseño.

Artigo 5º.-*Certificado de mantemento.*

Anualmente o mantedor autorizado, e o director de mantemento cando a participación deste sexa preceptiva, deberán subscribir o certificado de mantemento segundo o modelo establecido no anexo IV desta orde.

No caso de aparellos exclusivos para a produción de auga quente sanitaria de potencia térmica nominal menor ou igual a 24,4 kW o certificado de mantemento subscribirase cada catro anos, en concordancia co establecido na táboa 3.1 recollida na IT 3. Mantemento e uso do RITE.

Artigo 6º.-*Inspeccións de eficiencia enerxética.*

As inspeccións de eficiencia enerxética, tanto iniciais como periódicas, serán realizadas por organismos de control autorizados no campo regulamentario das instalacións térmicas en edificios, segundo o establecido no Decreto 426/2001, do 15 de novembro, na Orde do 24 de xuño de 2003 e nesta orde.

1. Inspeccións iniciais: será obrigatoria a realización dunha inspección inicial, segundo o indicado no artigo 30 do regulamento, no caso de instalacións cunha potencia térmica nominal total instalada maior de 5.000 kW en calor e/ou 1.000 kW en frío, así

como no de instalacións de calefacción ou refrixeración solar cunha potencia térmica maior de 400 kW.

O certificado desta inspección inicial, que deberá ter a cualificación de aceptable, xuntarase, co resto da documentación que cómpre presentar, no departamento territorial da consellería competente en materia de industria para a inscrición da instalación no correspondente Rexistro de Instalacións Térmicas en edificios.

2. Inspeccións periódicas de eficiencia enerxética (IPEE): serán realizadas segundo o indicado na IT 4.2, coas seguintes consideracións:

2.1. Instalacións novas (ás cales se lles aplica o novo regulamento):

2.1.1. IPEE dos xeradores de enerxía térmica: os xeradores de calor de potencia térmica nominal instalada (P) igual ou maior de 20 kW e os de frío de P>12 kW someteranse as IPEE coa seguinte periodicidade:

2.1.1.1. Xeradores de calor: segundo a táboa 4.3.1 do regulamento.

2.1.1.2. Xeradores de frío: ata 70 kW cada 5 anos. Para P>70 kW, cada 2 anos.

2.1.2. IPEE da instalación térmica completa: cada 15 anos.

2.2. Instalacións existentes no momento da entrada en vigor do novo regulamento:

2.2.1. Instalacións de máis de 15 anos de antigüidade de P>20 kW en calor e P>12 kW en frío: todas estas instalacións disporán dun prazo de dous anos contados a partir da publicación desta orde para realizar a IPEE da instalación térmica completa segundo o indicado na IT 4.2.3. A partir dese momento rexeranse polo calendario establecido no punto 2.1 deste artigo (instalacións novas).

2.2.2. Instalacións de menos de 15 anos de antigüidade de P>20 kW en calor e P>12 kW en frío: realizarán a primeira IPEE dos xeradores de enerxía térmica aos 5 anos contados a partir da publicación desta orde. A partir desde momento rexeranse polo calendario establecido no punto 2.1 deste artigo (instalacións novas).

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a persoa titular da dirección xeral competente en materia de industria para modificar os anexos contidos nesta orde, así como para ditar as normas necesarias para o seu desenvolvemento.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2010.

Javier Guerra Fernández
Conselleiro de Economía e Industria



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA

ANEXO I

PROCEDEMENTO INSCRIPCIÓN/MODIFICACIÓN NO REXISTRO DE INSTALACIÓNS TÉRMICAS NOS EDIFICIOS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN622B	DOCUMENTO SOLICITUDE
----------------------------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------	--------------------------------

DATOS DO TITULAR

NOME/TITULAR		NIF/CIF	
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
ENDEREZO DE CORREO ELECTRÓNICO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
NA SÚA REPRESENTACIÓN		NIF/CIF	

DATOS DA INSTALACIÓN

NOME/USUARIO		Nº REXISTRO INSTALACIÓN PREVIA	
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
CÓDIGO POSTAL	REFERENCIA CATASTRAL	TELÉFONO	FAX
EMPRESA INSTALADORA	Nº EMPRESA INSTALADORA	PROVINCIA	
INSTALADOR	Nº INSTALADOR	PROVINCIA	
PROXECTISTA	Nº COLEXIADO	COLEXIO PROFESIONAL	
DIRECTOR DE OBRA	Nº COLEXIADO	COLEXIO PROFESIONAL	

CLASIFICACIÓN DA INSTALACIÓN

INSTALACIÓN <input type="checkbox"/> NOVA <input type="checkbox"/> REFORMA	DESTINO DA INSTALACIÓN <input type="checkbox"/> Vivenda Unifamiliar <input type="checkbox"/> Edificio (nº de vivendas <input type="text"/>) <input type="checkbox"/> Industrial <input type="checkbox"/> Outros <input type="text"/>		
TIPO DE INSTALACIÓN <input type="checkbox"/> Calefacción <input type="checkbox"/> Climatización <input type="checkbox"/> A.Q.S. <input type="checkbox"/> Ventilación			
TIPO/S DE COMBUSTIBLE OU ENERXÍA (FRÍO)	TIPO/S DE COMBUSTIBLE OU ENERXÍA (CALOR)	POT. NOMINAL (FRÍO) kW	POT. NOMINAL (CALOR) kW

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA

Instalacións de potencia térmica entre 5 e 70 kW <input type="checkbox"/> MEMORIA TÉCNICA <input type="checkbox"/> CERTIFICADO DA INSTALACIÓN ASINADO E SELADO <input type="checkbox"/> CERTIFICADOS DAS INSTALACIÓNS INDIVIDUAIS CONTIDAS NA MEMORIA TÉCNICA <input type="checkbox"/> CERTIFICADO DE INSPECCIÓN INICIAL CON CUALIFICACIÓN DE ACEPTABLE, CANDO SEXA PRECEPTIVO <input type="checkbox"/> ANEXO DE CÁLCULO <input type="checkbox"/> PLANO DE SITUACIÓN <input type="checkbox"/> PLANO DE PLANTA <input type="checkbox"/> ESQUEMA DE PRINCIPIO DA INSTALACIÓN <input type="checkbox"/> XUSTIFICANTE DE LIQUIDACIÓN DE TAXAS. CLAVE 32.17.00.	Instalacións de potencia térmica superior a 70kW <input type="checkbox"/> PROXECTO CONSTRUTIVO DA INSTALACIÓN <input type="checkbox"/> CERTIFICADO DA INSTALACIÓN <input type="checkbox"/> CERTIFICADO DAS INSTALACIÓNS INDIVIDUAIS CONTIDAS NA MEMORIA TÉCNICA <input type="checkbox"/> CERTIFICADO DA CHEMINEA <input type="checkbox"/> CONTRATO DE MANTENIMENTO <input type="checkbox"/> CERTIFICADO DE INSPECCIÓN INICIAL COA CUALIFICACIÓN DE ACEPTABLE, CANDO SEXA PRECEPTIVO <input type="checkbox"/> XUSTIFICANTE DE LIQUIDACIÓN DE TAXAS. CLAVE : 32.17.00.
---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

A DOCUMENTACIÓN QUE NON SEXA ORIXINAL DEBERÁ ESTAR DEBIDAMENTE COMPULSADA.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, informoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE - Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo polo que se aproba o Regulamento de Instalacións Térmicas nos Edificios. - Orde do 24 de febreiro de 2010 pola que se regula a aplicación, na Comunicada Autónoma de Galicia, do Regulamento de instalacións térmicas nos edificios aprobado polo Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo.	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME	NÚMERO DE EXPEDIENTE DATA DE ENTRADA DATA DE EFECTOS DATA DE SAÍDA
SINATURA DO TITULAR OU DA PERSOA QUE O REPRESENTA _____, de _____ de _____		

Xefe/a territorial da Consellería de Economía e Industria en _____


ANEXO II

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA Departamento Territorial de <input type="text"/>	CERTIFICADO DE INSTALACIÓN DE <input type="checkbox"/> CALEFACCIÓN <input type="checkbox"/> CLIMATIZACIÓN <input type="checkbox"/> AUGA QUENTE SANITARIA
	Lexislación aplicable: Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o RITE e as súas instrucións técnicas complementarias, Orde do 24 de febreiro de 2010

DATOS DA INSTALACIÓN		
SITUACIÓN		
Rúa / lugar <input type="text"/>	CP <input type="text"/>	Concello <input type="text"/>
Referencia catastral <input type="text"/>		
TITULAR		
Nome ou razón social <input type="text"/>	NIF <input type="text"/>	
Enderezo <input type="text"/>	CP <input type="text"/>	Concello <input type="text"/>
TIPO DE INSTALACIÓN		
<input type="checkbox"/> NOVA <input type="checkbox"/> REFORMA <input type="checkbox"/> Calefacción <input type="checkbox"/> Climatización <input type="checkbox"/> Auga quente sanitaria <input type="checkbox"/> Ventilación		
DESTINO DA INSTALACIÓN		
<input type="checkbox"/> Vivenda Unifamiliar <input type="checkbox"/> Edificio (nº de vivendas <input type="text"/>) <input type="checkbox"/> Industrial <input type="checkbox"/> Outros <input type="text"/>		
Combustibles ou enerxías empregados		Potencia nominal
<input type="text"/>		<input type="text"/> kW
<input type="text"/>		<input type="text"/> kW
		Capacidade asociada
		<input type="text"/> m ³
		<input type="text"/> m ³
PROBAS (deben consignarse obrigatoriamente)		
Teñen sido comprobadas con resultado satisfactorio as probas que se indican a continuación (achéganse follas de resultados):		
IT 2.2 PROBAS	_____	Data <input type="text"/>
IT 2.3 AXUSTE E EQUILIBRADO	_____	Data <input type="text"/>
IT 2.4 EFICIENCIA ENERXÉTICA	_____	Data <input type="text"/>
OUTRAS PROBAS	_____	Data <input type="text"/>
EMPRESA INSTALADORA		
NOME OU RAZÓN SOCIAL <input type="text"/>	Nº DE REXISTRO <input type="text"/>	PROVINCIA <input type="text"/>
NOME DO INSTALADOR AUTORIZADO <input type="text"/>	CARNÉ Nº <input type="text"/>	DA PROVINCIA DE <input type="text"/>
De acordo coas medidas e probas realizadas, das que se xuntan os resultados, certifico que esta instalación foi executada de acordo co proxecto ou memoria técnica e que cumpre cos requisitos exixidos polo Regulamento de instalacións térmicas en edificios e as súas instrucións técnicas complementarias IT.		Sinatura do instalador autorizado e selo da empresa instaladora
Dado en _____ o _____ de _____ de _____		
DIRECTOR DA INSTALACIÓN (só nos casos que necesitaron proxecto)		
NOME <input type="text"/>	COLEXIADO Nº <input type="text"/>	COLEXIO DE <input type="text"/>
TÍTULO DO PROXECTO		
<input type="text"/>		
MODIFICACIÓNS AO PROXECTO E A SÚA XUSTIFICACIÓN		
<input type="text"/>		
Sinatura do director da instalación e visado do colexio profesional	De acordo coas medidas e probas realizadas, das que se xuntan os resultados, certifico que esta instalación foi executada de acordo co proxecto e memoria técnica e que cumpre cos requisitos exixidos polo Regulamento de instalacións térmicas en edificios e demais lexislación aplicable.	
	Dado en _____ o _____ de _____ de _____	
OBSERVACIÓNS	(Espazo reservado para o dilixenciado deste documento pola Administración)	
<input type="text"/>	_____, de _____ de _____ O técnico competente	
	Nº REXISTRO DE RITE	

En caso de que a instalación estea composta dun conxunto de instalacións térmicas, este certificado irá acompañado de tantos certificados de instalacións individuais como xeradores térmicos existan, asinados polo instalador autorizado e selados pola empresa instaladora autorizada correspondente, segundo o anexo V da Orde do 24 de febreiro de 2010.

ANEXO III

 <p>XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA</p> <p>Departamento Territorial de <input style="width:100px;" type="text"/></p>	<p>MEMORIA TÉCNICA (Art. 17 RITE) DE INSTALACIÓN DE</p> <p> <input type="checkbox"/> CALEFACCIÓN <input type="checkbox"/> CLIMATIZACIÓN <input type="checkbox"/> AUGA QUENTE SANITARIA </p> <p><small>Lexislación aplicable: Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o RITE e as súas Instrucións Técnicas Complementarias, Orde do 24 de febreiro de 2010</small></p> <p style="text-align: right;">Páx. 1 de 2</p>																																			
<p>IDENTIFICACIÓN DA INSTALACIÓN</p> <p> <input type="checkbox"/> INSTALACIÓN NOVA <input type="checkbox"/> REFORMA DA INSTALACIÓN Nº <input style="width:100px;" type="text"/> </p> <p>Nome do titular <input style="width:200px;" type="text"/> NIF/CIF <input style="width:100px;" type="text"/></p> <p>Enderezo <input style="width:400px;" type="text"/></p> <p>CP <input style="width:100px;" type="text"/> Concello <input style="width:200px;" type="text"/></p>																																				
<p>CLASE DE ESTABLECIMIENTO O USOS</p> <p> <input type="checkbox"/> Vivienda unifamiliar <input type="checkbox"/> Vivienda en edificio; nº de vivendas <input style="width:50px;" type="text"/> <input type="checkbox"/> Terciario <input type="checkbox"/> Pública concurrencia <input type="checkbox"/> Outros <input style="width:100px;" type="text"/> </p>																																				
<p>Tipo de instalación</p> <p> <input type="checkbox"/> CALEFACCIÓN <input type="checkbox"/> CLIMATIZACIÓN <input type="checkbox"/> AUGA QUENTE SANITARIA </p>	<p>Demanda térmica: total <input style="width:50px;" type="text"/> kW</p> <p>Potencia nominal (Pn) <input style="width:50px;" type="text"/> kW</p> <p>Pn <input style="width:50px;" type="text"/> kW</p> <p>Pn <input style="width:50px;" type="text"/> kW</p>	<p>Tipo de enerxía ou combustible: <input style="width:100px;" type="text"/></p> <p>Nº expediente da instalación de combustible asociada <input style="width:100px;" type="text"/></p>																																		
<p>Relación con outras tramitacións (fontanaría, baixa tensión, gas,...)</p> <p><input style="width:400px;" type="text"/></p>																																				
<p>1. EDIFICIO</p> <p> <input type="checkbox"/> Nova <input type="checkbox"/> Antiga Situación respecto a outras: <input type="checkbox"/> Const. anexa <input type="checkbox"/> Const. illada Superficie: <input style="width:50px;" type="text"/> m² Ocupación (Nº persoas): <input style="width:50px;" type="text"/> </p> <p>Distribución: <input type="checkbox"/> Soto <input type="checkbox"/> P. baixa <input type="checkbox"/> P. alta <input type="checkbox"/> Baixo cuberta <input type="checkbox"/> Piso Funcionamento: <input type="checkbox"/> Diario <input type="checkbox"/> Temporal</p>																																				
<p>XUSTIFICACIÓN DE QUE AS SOLUCIÓNS PROPOSTAS CUMPREN COAS EXIXENCIAS DO RITE DE:</p> <p> <input type="checkbox"/> Benestar térmico Condicións interiores de deseño (UNE –EN-ISO 7730) Temperatura operativa: Verán <input style="width:50px;" type="text"/> Inverno <input style="width:50px;" type="text"/> </p> <p> <input type="checkbox"/> Hixiene Calidade do aire interior: <input type="checkbox"/> CTE-HS3 <input type="checkbox"/> IDA <input style="width:50px;" type="text"/> </p> <p> <input type="checkbox"/> Eficiencia Enerxética Caudal mínimo do aire exterior de ventilación <input style="width:100px;" type="text"/> <input type="checkbox"/> ODA <input style="width:50px;" type="text"/> </p> <p> <input type="checkbox"/> Seguridade Procedemento de verificación da exixencia de eficiencia enerxética (IT 1.2.2): <input type="checkbox"/> Simplificado <input type="checkbox"/> Alternativo </p>																																				
<p>2. LOCALIZACIÓN</p> <p>Zona climática <input style="width:100px;" type="text"/> Altitude <input style="width:50px;" type="text"/> Temperatura exterior mínima (Tº ext. min.): <input style="width:50px;" type="text"/></p>	<p>3. BASES DE CÁLCULO (ITE 1)</p> <p>Achéganse as follas de cálculo de forma independente para cada local</p>																																			
<p>4. INSTALACIÓN</p> <table style="width:100%; border: none;"> <tr> <td style="width:20%;"><u>Sistema:</u></td> <td style="width:20%;"><u>Tubaxes de:</u></td> <td style="width:20%;"><u>Emisores:</u></td> <td style="width:20%;"><u>Producción A.Q.S.:</u></td> <td style="width:20%;"><u>Tipo de caldeira:</u></td> </tr> <tr> <td><input type="checkbox"/> Monotubo</td> <td><input type="checkbox"/> Aceiro</td> <td><input type="checkbox"/> Chapa de aceiro</td> <td><input type="checkbox"/> Instantánea</td> <td><input type="checkbox"/> Atmosférica</td> </tr> <tr> <td><input type="checkbox"/> Bitubo</td> <td><input type="checkbox"/> Cobre</td> <td><input type="checkbox"/> Panel</td> <td><input type="checkbox"/> Acumulador incorporado</td> <td><input type="checkbox"/> Tiro forzado</td> </tr> <tr> <td><input type="checkbox"/> Chan radiante</td> <td><input type="checkbox"/> Polietileno</td> <td><input type="checkbox"/> Fundición de aluminio ou ferro</td> <td><input type="checkbox"/> Acumulador exterior</td> <td><input type="checkbox"/> Estanca</td> </tr> <tr> <td><input type="checkbox"/> R. acumuladores</td> <td><input type="checkbox"/> Outros <input style="width:50px;" type="text"/></td> <td><input type="checkbox"/> Outros <input style="width:50px;" type="text"/></td> <td><input type="checkbox"/> Acumulador eléctrico</td> <td><input type="checkbox"/> Baixa Tº</td> </tr> <tr> <td></td> <td><u>Norma:</u> <input style="width:50px;" type="text"/></td> <td><u>Nº emisores por circuito</u> <input style="width:50px;" type="text"/></td> <td><input type="checkbox"/> Enerxía solar</td> <td><input type="checkbox"/> Condensación</td> </tr> <tr> <td></td> <td></td> <td><u>Nº Circuitos</u> <input style="width:50px;" type="text"/></td> <td></td> <td></td> </tr> </table>		<u>Sistema:</u>	<u>Tubaxes de:</u>	<u>Emisores:</u>	<u>Producción A.Q.S.:</u>	<u>Tipo de caldeira:</u>	<input type="checkbox"/> Monotubo	<input type="checkbox"/> Aceiro	<input type="checkbox"/> Chapa de aceiro	<input type="checkbox"/> Instantánea	<input type="checkbox"/> Atmosférica	<input type="checkbox"/> Bitubo	<input type="checkbox"/> Cobre	<input type="checkbox"/> Panel	<input type="checkbox"/> Acumulador incorporado	<input type="checkbox"/> Tiro forzado	<input type="checkbox"/> Chan radiante	<input type="checkbox"/> Polietileno	<input type="checkbox"/> Fundición de aluminio ou ferro	<input type="checkbox"/> Acumulador exterior	<input type="checkbox"/> Estanca	<input type="checkbox"/> R. acumuladores	<input type="checkbox"/> Outros <input style="width:50px;" type="text"/>	<input type="checkbox"/> Outros <input style="width:50px;" type="text"/>	<input type="checkbox"/> Acumulador eléctrico	<input type="checkbox"/> Baixa Tº		<u>Norma:</u> <input style="width:50px;" type="text"/>	<u>Nº emisores por circuito</u> <input style="width:50px;" type="text"/>	<input type="checkbox"/> Enerxía solar	<input type="checkbox"/> Condensación			<u>Nº Circuitos</u> <input style="width:50px;" type="text"/>		
<u>Sistema:</u>	<u>Tubaxes de:</u>	<u>Emisores:</u>	<u>Producción A.Q.S.:</u>	<u>Tipo de caldeira:</u>																																
<input type="checkbox"/> Monotubo	<input type="checkbox"/> Aceiro	<input type="checkbox"/> Chapa de aceiro	<input type="checkbox"/> Instantánea	<input type="checkbox"/> Atmosférica																																
<input type="checkbox"/> Bitubo	<input type="checkbox"/> Cobre	<input type="checkbox"/> Panel	<input type="checkbox"/> Acumulador incorporado	<input type="checkbox"/> Tiro forzado																																
<input type="checkbox"/> Chan radiante	<input type="checkbox"/> Polietileno	<input type="checkbox"/> Fundición de aluminio ou ferro	<input type="checkbox"/> Acumulador exterior	<input type="checkbox"/> Estanca																																
<input type="checkbox"/> R. acumuladores	<input type="checkbox"/> Outros <input style="width:50px;" type="text"/>	<input type="checkbox"/> Outros <input style="width:50px;" type="text"/>	<input type="checkbox"/> Acumulador eléctrico	<input type="checkbox"/> Baixa Tº																																
	<u>Norma:</u> <input style="width:50px;" type="text"/>	<u>Nº emisores por circuito</u> <input style="width:50px;" type="text"/>	<input type="checkbox"/> Enerxía solar	<input type="checkbox"/> Condensación																																
		<u>Nº Circuitos</u> <input style="width:50px;" type="text"/>																																		
<p>5. SISTEMA DE REGULACIÓN</p> <p><u>Calefacción:</u></p> <p> <input type="checkbox"/> Termóstato ambiente <input type="checkbox"/> Válvulas termostáticas <input type="checkbox"/> Central de regulación <input type="checkbox"/> Outros <input style="width:50px;" type="text"/> </p> <p><u>Auga quente sanitaria:</u></p> <p> <input type="checkbox"/> Central de regulación <input type="checkbox"/> Termóstato <input type="checkbox"/> <input style="width:50px;" type="text"/> </p> <p><u>Climatización:</u></p> <p> <input type="checkbox"/> Termóstato <input type="checkbox"/> Outros <input style="width:50px;" type="text"/> </p> <p> <input type="checkbox"/> THM-C <input style="width:50px;" type="text"/> <input type="checkbox"/> IDA-C <input style="width:50px;" type="text"/> </p>	<p>6. CHEMINEA (<input style="width:100px;" type="text"/>)</p> <p>Fabricante: <input style="width:100px;" type="text"/></p> <p>Modelo: <input style="width:100px;" type="text"/></p> <p>Certificado CE: <input style="width:100px;" type="text"/></p> <p>Construción: <input type="checkbox"/> Prefabricada <input type="checkbox"/> Obra de fábrica <small>(Para o caso de chemineas de obra e/ou non modulares xuntarse plano dos detalles construtivos)</small></p> <p><u>Material:</u></p> <p> <input type="checkbox"/> Inox dobre parede <input type="checkbox"/> Cerámico <input type="checkbox"/> Formigón <input type="checkbox"/> Outros <input style="width:50px;" type="text"/> </p> <p> Altura: <input style="width:50px;" type="text"/> Sección (cm²): <input style="width:50px;" type="text"/> Diámetro/lado (cm): <input style="width:50px;" type="text"/> </p> <p><u>Evacuación:</u> <input type="checkbox"/> A cuberta <input type="checkbox"/> A fachada <input type="checkbox"/> A patio</p>																																			
<p>7. ENERXÍA E/OU COMBUSTIBLE <input type="checkbox"/> Renovable <input type="checkbox"/> Residual</p> <p>Combustible: <input type="checkbox"/> Gasóleo <input type="checkbox"/> Gas natural <input type="checkbox"/> Butano <input type="checkbox"/> Propano <input type="checkbox"/> Electricidade <input type="checkbox"/> Sólido/Outros <input style="width:50px;" type="text"/></p> <p>Depósitos: Nº <input style="width:50px;" type="text"/> Capacidade unitaria (l): <input style="width:50px;" type="text"/> Capacidade total (l): <input style="width:50px;" type="text"/> Consumo mensual estimado (l): <input style="width:50px;" type="text"/></p>																																				
<p>Estimación anual de</p>	<p>Consumo de enerxía primaria <input style="width:50px;" type="text"/> kWh</p>	<p>Emisións CO₂ <input style="width:50px;" type="text"/> kg/ano</p>																																		
<p>Método <input style="width:100px;" type="text"/></p>		<p><input style="width:100px;" type="text"/></p>																																		
<p>Demanda máxima simultánea: <input style="width:100px;" type="text"/></p>		<p>Demanda mínima: <input style="width:100px;" type="text"/></p>																																		

 <p>XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA</p> <p>Departamento Territorial de <input style="width:100px;" type="text"/></p>	<p>MEMORIA TÉCNICA (Art. 17 RITE) DE INSTALACIÓN DE</p> <p> <input type="checkbox"/> CALEFACCIÓN <input type="checkbox"/> CLIMATIZACIÓN <input type="checkbox"/> AUGA QUENTE SANITARIA </p> <p><small>Lexislación aplicable: Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o RITE e as súas Instrucións Técnicas Complementarias, Orde do 24 de febreiro de 2010</small></p>
	<p>Páx. 2 de 2</p>

8. COMPOÑENTES DA INSTALACIÓN							
Xerador: <input type="checkbox"/> Estándar <input type="checkbox"/> Baixa Tª <input type="checkbox"/> Condensación						<input type="checkbox"/> Mural <input type="checkbox"/> Mixta	
COMPOÑENTE	MARCA	MODELO	MARCACIÓN CE	POTENCIA ÚTIL	Tª MEDIA DA AUGA ITE 1241211	RENDEMENTO	
						PLENA CARGA	CARGA AO 30%
Caldeira	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>
Caldeira	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>
Queimador	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	Nº etapas	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>
Queimador	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	Nº etapas	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>
Acumulador AQS	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	Capacidade (l)	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>
Emisores	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	Pot./q	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>
Emisores eléctricos	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	Potencia total	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>
Bomba de calor	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	Potencia	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>
Panel solar	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	Superficie unitaria	<input style="width:100px;" type="text"/>	Superficie total	<input style="width:100px;" type="text"/>
Ventiladores	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	Potencia	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>
Bombas circulares	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	Potencia	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>
<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>
<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>
<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>
<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>
<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>
<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>
<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>	<input style="width:100px;" type="text"/>

ACHÉGASE DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA (artigo 17.1º letras a), b) e d))

9. ORZAMENTO DA INSTALACIÓN
 O importe da instalación proxectada é de (letra e número, en €):

10. OUTROS

IDENTIFICACIÓN DA EMPRESA INSTALADORA

INSTALADOR	Nº CARNÉ	NIF
<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>
EMPRESA INSTALADORA	Nº DE REXISTRO	PROVINCIA
<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>
ENDEREZO		TELÉFONO
<input style="width:100%;" type="text"/>		<input style="width:100%;" type="text"/>

_____, de _____ de _____ Sinatura do instalador autorizado e selo da empresa instaladora

IDENTIFICACIÓN DO TÉCNICO TITULADO COMPETENTE

NOME	NIF		
<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>		
TITULACIÓN	Nº DE COLEXIADO		
<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>		
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO	
<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>	
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	ENDEREZO DE CORREO ELECTRÓNICO
<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>	<input style="width:100%;" type="text"/>

_____, de _____ de _____ Sinatura do técnico titulado competente e visado do colexio profesional

ANEXO IV

 <p>XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA Departamento Territorial de <input style="width: 100px;" type="text"/></p>	<p>CERTIFICADO DE MANTEMENTO (IT3 RITE)</p> <p> <input type="checkbox"/> CALEFACCIÓN <input type="checkbox"/> CLIMATIZACIÓN <input type="checkbox"/> AUGA QUENTE SANITARIA </p> <p><small>Lexislación aplicable: Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o RITE e as súas instrucións técnicas complementarias, Orde do 24 de febreiro de 2010</small></p>
------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

DATOS DA INSTALACIÓN	
SITUACIÓN	Nº (registro da instalación): <input style="width: 100px;" type="text"/>
Rúa/lugar <input style="width: 400px;" type="text"/>	CP <input style="width: 60px;" type="text"/> Concello <input style="width: 60px;" type="text"/>
Referencia catastral <input style="width: 600px;" type="text"/>	
TITULAR	
Nome ou razón social <input style="width: 400px;" type="text"/>	NIF <input style="width: 60px;" type="text"/>
Enderezo <input style="width: 400px;" type="text"/>	CP <input style="width: 60px;" type="text"/> Concello <input style="width: 60px;" type="text"/>

EMPRESA MANTEDORA	
NOME OU RAZÓN SOCIAL <input style="width: 550px;" type="text"/>	CIF <input style="width: 60px;" type="text"/>
Nº DE REXISTRO <input style="width: 250px;" type="text"/>	PROVINCIA <input style="width: 400px;" type="text"/>
NOME DO MANTEDOR AUTORIZADO <input style="width: 550px;" type="text"/>	NIF <input style="width: 60px;" type="text"/>
CARNÉ Nº <input style="width: 250px;" type="text"/>	DA PROVINCIA DE <input style="width: 400px;" type="text"/>
De acordo coas operacións realizadas, certifico que desta instalación foi realizado o seu mantemento co seu Manual de Uso e Mantemento e que cumpre cos requisitos esixidos na IT-03 do Regulamento de instalacións térmicas nos edificios e as súas instrucións técnicas complementarias. Achégase resultado das operacións.	Sinatura do mantedor autorizado e selo da empresa mantedora
Dado en _____ o _____ de _____ de _____	

DIRECTOR DE MANTEMENTO (só nos casos que proceda)	
NOME <input style="width: 750px;" type="text"/>	
TITULACIÓN <input style="width: 750px;" type="text"/>	
COLEXIADO Nº <input style="width: 200px;" type="text"/>	COLEXIO DE <input style="width: 500px;" type="text"/>
Sinatura do director de mantemento da instalación	De acordo coas operacións realizadas, certifico que da presente instalación foi realizado o seu mantemento co seu Manual de Uso e Mantemento e que cumpre cos requisitos esixidos na IT-03 do Regulamento de instalacións térmicas nos edificios e as súas instrucións técnicas complementarias. Achégase resultado das operacións.
Dado en _____ o _____ de _____ de _____	

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA	
Ten sido entregado o Manual de Uso e Mantemento do _____	<input style="width: 60px;" type="text"/>
Ten sido debidamente actualizado o Manual de Uso e Mantemento do _____	<input style="width: 60px;" type="text"/>
OBSERVACIÓNS / INCIDENCIAS	
<input style="width: 100%; height: 100%;" type="text"/>	

ANEXO V



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA

Nº EXPEDIENTE RITE

TITULAR		NIF/CIF	
LOCALIZACIÓN		NÚMERO	PISO
PROVINCIA	CONCELLO		
INSTALACIÓN	DESTINO DA INSTALACIÓN		
<input type="checkbox"/> NOVA <input type="checkbox"/> REFORMA			

CERTIFICADO DE INSTALACIÓN INDIVIDUAL DE

- CALEFACCIÓN
 CLIMATIZACIÓN
 AUGA QUENTE SANITARIA

EMPRESA INSTALADORA
CERTIFICADO Nº

COMPONENTES E COMBUSTIBLES ASOCIADOS

XERADOR (MARCA E MODELO)	POTENCIA NOMINAL	COMBUSTIBLE / ENERXÍA
	kW	
	kW	
	kW	

NÚMERO DE EMISORES SERVIDOS POLA INSTALACIÓN

O instalador autorizado que subscribe, inscrito no departamento territorial de

--

co carné Nº

--

de acordo coas medidas e probas realizadas, das cales se xuntan os resultados, certifico que esta instalación está de acordo cos regulamentos e disposicións vixentes que a afectan e en especial co Regulamento de instalacións térmicas en edificios e as súas instrucións técnicas complementarias ITE.

Data

(Sinatura do instalador autorizado e selo da empresa instaladora).

PROBAS (deberán consignarse obrigatoriamente)

Teñen sido comprobadas con resultado satisfactorio as probas seguintes:	
PROBA	DATA
IT 2.2 PROBAS	
IT 2.3 AXUSTE E EQUILIBRADO	
IT 2.4 EFICIENCIA ENERXÉTICA	
OUTRAS PROBAS	

Dilixencia do departamento territorial

OBSERVACIÓNS

COPIA Nº	IMPRESO Nº
----------	------------